

Concello de A Cañiza

INES MONTERO ARES, SECRETARIA DO CONCELLO A CAÑIZA (PONTEVEDRA)

C E R T I F I C O: Que o Pleno do Concello da Cañiza, na sesión ordinaria de data 28.07.2022 adoptou, entre outros, o seguinte ACORDO que segundo o Borrador da Acta (e coa condición do artigo 206 do ROF), di:

“PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DO REGULAMENTO DE HONORES E DISTINCIÓNS

Por parte da Presidencia dase conta da proposta da Alcaldía sobre este asunto, ditaminada favorablemente pola C.I. que de seguido se transcribe:

“Dada a vontade deste Concello de modificar o Regulamento de Protocolo, Cerimonial, Honores e Distincións do Concello da Cañiza, en vigor dende o 23/08/2014, tras a súa publicación no BOP nº 161 do 22/08/2014 e que se adxunta no expediente,

PROPOÑO AO PLENO A ADOPCIÓN DO SEGUINTE ACORDO:

PRIMEIRO.- Modificación do texto do Regulamento coa seguinte redacción:

« *REGULAMENTO DE PROTOCOLO, CERIMONIAL, HONORES E DISTINCIÓNS DO CONCELLO DA CAÑIZA* »

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Constitución Española de 1978 establece, no seu artigo 137, a organización territorial do Estado en municipios, provincias e nas Comunidades Autónomas que se constitúan, e determina que todas estas entidades gozan de autonomía para a xestión dos seus respectivos intereses.

No artigo 140 conságrase o principio de autonomía dos municipios, establecendo que o seu goberno e administración corresponde aos respectivos Concellos.

O REGULAMENTO de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, R.D. 2568/86 de 28 de novembro, dedica parte do Título VI, artigos 186 a 191, a regular os Honores e Distincións das Entidades Locais.

Así, no artigo 189 sinálase que as Corporacións Locais poderán acordar a creación de medallas, emblemas, condecoracións ou outros distintivos honoríficos, a fin de premiar especiais merecementos, beneficios sinalados ou servizos extraordinarios así como para acordar nomeamentos de fillos predilectos e adoptivos e de membros honorarios da Corporación, atendidos os méritos, calidades e circunstancias singulares que nos galardonados concorran e que serán aplicados co maior rigor en expediente que se instruírá ao efecto.

Non hai que esquecer á hora de redactar un regulamento a normativa xeral de precedencias no que afecta ás Corporacións Locais e sinalar a importancia do disposto



Concello de A Cañiza

no Capítulo II, artigo 5, párrafo 2 e artigo 6 do Real Decreto 2099/1983, de 4 de agosto, polo que se aproba o Ordenamiento Xeral de Precedencias no Estado.

Segundo o párrafo 2 do artigo 5 “Nos actos oficiais de carácter xeral organizados polas Comunidades Autónomas ou pola Administración Local, a precedencia determinarase prelativamente, de acordo co disposto no presente Ordenamento, polo súa normativa propia e, no seu caso, pola tradición ou costume inveterada do lugar”.

En virtude do artigo 6 “A precedencia nos actos oficiais de carácter especial, determinarase por quen os organice, de acordo coa súa normativa específica, os seus costumes e tradicións e, no seu caso, cos criterios establecidos no presente Ordenamento”.

Por todo iso, os Concellos, en virtude da súa potestade de autoorganización necesitan regular as normas de funcionamento, organización e realización dos actos públicos municipais, os tratamentos, as precedencias, os símbolos, os atributos e usos oficiais, así como as distincións honoríficas que pode outorgar un Concello.

TÍTULO I PRIMEIRO

A VILA DA CAÑIZA: SÍMBOLOS (ESCUDO E BANDEIRA)

Artigo 1. Obxecto.

O presente Regulamento de Protocolo, CERIMONIAL, Honores e Distincións do Concello da Cañiza ten por obxecto regular os actos públicos que se organicen polo Concello no término municipal da Cañiza, así como os honores e as distincións que o Concello da Cañiza poderá outorgar.

Artigo 2. Escudo.

1. A descrición do escudo da Vila da Cañiza é a que segue:

“De plata, un carballo terrasado de sinople, hojado y frutado de nueve bellotas de gules; bordura jaquelada de gules y plata.”

“El Carballo y sus nueve bellotas sobre el paño de blanco representan a las nueve parroquias y al propio nombre da Cañiza, cuyo origen se relaciona con los cañizos – casetas- que se cubrían con las ramas y maderas de roble.”

“el jaquelado de la bordura simboliza la jurisdicción del Císter sobre el monasterio e iglesia románica de A Franqueira, cuyas armas están esculpidas en una de sus capillas y en una labra – jaquelada- localizada en un muro junto a la iglesia”.

Concello de A Cañiza

2. O escudo da Vila da Cañiza deberá figurar nos títulos acreditativos de honores, distincións e condecoracións e nos distintivos e atributos usados polas autoridades e funcionarios ou traballadores municipais a quen corresponda.

3. No referente aos impresos, publicacións, notificacións, anuncios e material de papelería municipal, estarase ao establecido no Manual de Identidade Corporativa do Concello da Cañiza.

4. A utilización, uso ou difusión, por calquera medio de reprodución, impresa, informática, fílmica ou fotográfica do Escudo da Cañiza, deberá contar coa autorización da Alcaldía, previa petición expresa dos interesados.

Artigo 3. A Bandeira.

1. A descrición da Bandeira da Cañiza é a que segue:

É unha transposición do Escudo á Bandeira cidadá, resultando ésta unha réplica do campo de aquel:

“Paño de verde con una franja vertical de blanco en el tercio del centro y en esta un carballo de verde hojado y frutado de nueve bellotas de rojo.”

“El paño de verde representa el ámbito rural del municipio”.

“El carballo y sus nueve bellotas sobre el paño de blanco representan a las nueve parroquias y al propio nombre da Cañiza cuyo origen se relaciona con los cañizos – casetas- que se cubrían con las ramas y maderas del carballo”.

2. A bandeira da Vila da Cañiza ondeará na fachada do edificio da Casa Consistorial xunto coa bandeira de España, que ocupará sempre o lugar preeminente e de máximo honor, e as demais bandeiras oficiais, neste caso a de Galicia.

3. A bandeira da Vila da Cañiza estará en lugar destacado no Salón de Plenos e no despacho oficial do Alcalde, acompañando ás demais bandeiras oficiais.

4. Sobre A bandeira da Cañiza non se poderán incluír símbolos ou siglas referentes a partidos políticos, sindicatos, asociacións ou entidades privadas.

5. Nos actos públicos municipais a bandeira da Cañiza estará presente, nun lugar destacado, xunto ás demais bandeiras oficiais.

6. Nos actos públicos de carácter internacional que teñan lugar no municipio, a orde de prelación das bandeiras será a seguinte: primeiro a bandeira de España, segundo a bandeira do país ou países visitantes, terceiro a da Comunidade Autónoma

Concello de A Cañiza

de Galicia e cuarto a de A Cañiza, tendo en conta sempre as directrices establecidas na Ley 39/1981, de 28 de outubro, pola que se regula o uso da bandeira de España e o das outras bandeiras e enseñas.

7. A Corporación Municipal velará para que se preste ás Bandeiras o tratamento, respecto e honores debidos.

Artigo 4. Os reposteros heráldicos.

Os reposteros heráldicos nos que figure o escudo da Vila descrito no Artigo 2 exhibiranse nos principais balcóns da Casa Consistorial en todas as festas nacionais, nas festas da Patroa da Cañiza Santa Teresa e na celebración dos festexos en honor ao Santo Cristo da Agonía, con ocasión da visita de S. M. o Rei ou Xefes de Estado estranxeiros, e naqueles actos nos que, pola súa excepcional significación, sexa aconsellable a súa presenza.

TÍTULO II

A CORPORACIÓN MUNICIPAL. OS SEUS TRATAMENTOS, ORDE DE PRECEDENCIA INTERNA E DISTINTIVOS

Artigo 5. Tratamentos.

1. O Alcalde ou Alcaldesa terá o tratamento de Señor/a Alcalde/ Alcaldesa e os Tenientes de Alcalde de Señor ou Señora así como os Concelleiros/as salvo que personalmente ostenten un título superior.

Artigo 6. Orde de precedencias da Corporación Municipal.

1. A orde de precedencia interna da Corporación Municipal será a seguinte:

- 1º) O Alcalde.*
- 2º) Os Tenientes de Alcalde, polo seu orde correspondente.*
- 3º) Os Concelleiros que ostentes unha Delegación da Alcaldía.*
- 4º) Os Portavoces dos grupos políticos ordeados de maior a menor representación municipal.*
- 5º) Os demais Concelleiros, polo seu orde electoral e ordenados de maior a menor representación municipal.*
- 6º) Os cargos directivos do Concello, polo seu orde de nomeamento.*

Concello de A Cañiza

2. *Naqueles actos de carácter municipal aos que asistan ex-Alcaldes da Vila, éstos gozarán dun trato preferente e disporán dun lugar destacado a continuación dos Portavoces dos grupos municipais, situándose primeiro o último que houbera exercido o cargo.*

3. *Naqueles actos que dispoña o Alcalde, os Portavoces dos grupos municipais precederán aos Tenientes de Alcalde.*

Artigo 7. Asistencia da Corporación Municipal.

1. *A Corporación Municipal asistirá aos seguintes actos:*

a) *Actos solemnes que por Tradición se celebren con motivo das festividades seguintes:*

- *Actos solemnes da Festividade na Honra do Santísimo Cristo da Agonía da Cañiza que se celebran desde tempos inmemoriais o 2º domingo do mes de xullo.*
- *Actos solemnes da Festividade na Honra da Patroa da Cañiza, Santa Teresa de Xesús, que se celebra o 15 de outubro.*

b) *Aqueles actos nos que, pola súa solemnidade ou relevancia, así se considere oportuno pola Alcaldía.*

2. *Nos actos nos que teña lugar a comitiva da Corporación Municipal formaranse dúas filas, ordeándose todos eles en orde inverso á súa precedencia, e pechando a formación o Alcalde.*

3. *Si a estes actos asistisen anteriores Alcaldes da Vila, éstos gozarán dun trato preferente e dispondrán dun lugar destacado, situándose na comitiva antes que a Corporación Municipal, e por orde inverso ao tempo en que exerceron o cargo.*

Artigo 8. Distintivos.

1. *O Alcalde usará como distintivo o bastón de mando, de madeira de pau de rosa con borlas douradas e negras e empuñadura de prata, como distintivo da súa autoridade.*

2. *As insignias de solapa son de uso exclusivo dos membros da Corporación como expresión da representación que ostentan, podendo conservalas tras deixar de pertencer á Corporación e sen que poidan utilizarse en actos oficiais.*

3. *O bastón de mando é de propiedade municipal e será custodiado polo*



Concello de A Cañiza

Servizo de Protocolo.

4. Nos actos públicos aos que asista o Concello en Corporación, os concelleiros levarán obrigatoriamente os distintivos do seu cargo.

TÍTULO III

OS ACTOS OFICIAIS DO MUNICIPIO, A SÚA CLASIFICACION E PRESIDENCIA

CAPÍTULO I

Actos Oficiais

Artigo 9. Clasificación dos actos.

Os actos municipais, aos efectos das normas contidas neste REGULAMENTO se clasifican en:

a) Actos de carácter xeral. Son todos aqueles que se organicen institucionalmente polo Concello con ocasión de conmemoracións ou acontecementos de grande importancia para a vida cidadá municipal.

b) Actos de carácter especial. Son os organizados polas distintas concellerías, propios do ámbito específico dos seus respectivos servizos, funcións ou actividades.

Artigo 10. Actos oficiais.

Nos actos oficiais municipais manterase a orde de precedencia que se establece no presente Regulamento.

Artigo 11. Presidencia dos actos municipais.

1. A presidencia dos actos municipais, con independencia do seu carácter, corresponderá ao Alcalde.

2. Cando a un acto municipal concurran outras autoridades da Administración Xeral do Estado ou Autonómica, se estará ao disposto no Real Decreto 2099/1983 Ordenamiento General de precedencias del Estado de 4 de agosto de 1983 e demais disposicións vixentes.

3. Aqueles actos municipais que non presida o Alcalde de A Cañiza, serán presididos polo Teniente de Alcalde ou Concelleiro que pola Alcaldía se designe.



Concello de A Cañiza

Artigo 12. Asistencia aos actos municipais.

1. Os membros da Corporación municipal deberán asistir a todos os actos oficiais solemnes.
2. As invitacións a tales actos se cursarán polo Alcalde, excepto cando no acto participe outra Institución ou Administración Pública. Neste caso farase conxuntamente.
3. Nos actos propios organizados por un Área de Goberno municipal que non presida o Alcalde, ostentará a presidencia, por delegación de éste, o Concelleiro da Área respectiva. Cando o acto se presida polo Alcalde, o Concelleiro de Área acompañará á primeira autoridade municipal na presidencia.

CAPÍTULO II

Sesión constitutiva da Corporación

Artigo 13. Sesión constitutiva da Corporación.

1. A toma de posesión da Corporación Municipal e do seu Alcalde se revestirá da maior solemnidade, coa concurrencia das autoridades locais e coa participación da Policía Municipal de gala.
2. Cando se sustitúa algún membro da Corporación durante o mandato corporativo, se procurará que a toma de posesión revista a maior dignidade, coa cerimonia de xuramento ou promesa e os saúdos tradicionais de cortesía.
3. O presidente da Mesa de Idade lle entregará ao novo Alcalde o bastón de mando.
4. O Alcalde procederá á imposición dos distintivos corporativos, si os houbese, aos demais concelleiros.

CAPÍTULO III

Celebración de irmandamentos con outras cidades

Artigo 14. Irmandamentos

1. Os actos a desenvolver con motivo do Irmandamento con outra Localidade serán establecidos pola Alcaldía, así como o lugar e a data para la sinatura do irmandamento, dando conta ao Servizo de Protocolo como responsable da preparación e desenvolvemento dos mesmos.
2. O acto solemne da firma dos acordos de irmandamento terá o seguinte orde do día:



Concello de A Cañiza

- a) *Lectura pública do texto integro do Acordo de Irmandamento.*
- b) *Sinatura da Acta de Irmandamento polos Alcaldes ou representantes municipais de ambas Localidades.*
- c) *Palabras dos representantes das localidades irmandadas.*

CAPÍTULO IV

Das Exequias.

Artigo 15. O luto Oficial.

1. O Alcalde poderá acordar a declaración de luto oficial, cando circunstancias ou feitos de transcendencia nacional, rexional ou local así o requiran.

2. No Decreto da Alcaldía incluíranse todas e cada unha das accións a desenvolver en sinal de respecto ou condolencia.

Estas accións poderán ser:

a) *Suspender todos os actos públicos oficiais organizados polo Concello da Cañiza durante o tempo que dure o luto oficial.*

b) *Arriar a media asta as bandeiras que ondeen no exterior dos edificios municipais.*

c) *Prender nas bandeiras situadas no interior das dependencias municipais un crespón negro como sinal de luto.*

d) *Calquera outra acción que incida en significar e difundir a declaración de luto oficial decretado e que se estimen oportunas pola Alcaldía.*

3. Nos casos no que a declaración de luto oficial veña acordada por outras Institucións ou Administracións Públicas de ámbito comunitario, estatal ou autonómico, se estará ao preceptuado polas correspondentes declaracións.

Artigo 16. Falecemento de membros da Corporación Municipal.

1. No caso de falecemento dalgún dos membros da Corporación Municipal, o Alcalde ou quen o substitúa acordará coa familia do finado todo o relacionado co sepelio, procurando que revista solemnidade, tendo en conta os desexos expresos da familia.

2. A capela ardente, se así o desexa a familia, se instalará no Salón de

Concello de A Cañiza

Plenos do Concello da Cañiza e se abrirá ao público, únicamente, se a familia do finado o autoriza.

Artigo 17. Falecemento de persoas que ostenten distincións municipais.

1. En caso de falecemento dunha persona que ostente algunha das distincións municipais recollidas neste Regulamento, se acordará coa familia do finado os termos nos que o Concello participará no funeral e sepelio.

2. Do mesmo xeito que no sinalado no apartado anterior se procederá no caso do falecemento de ex-Alcaldes da Vila.

TÍTULO IV

HONORES E DISTINCIÓNS

CAPÍTULO I

Disposicións Xerais

Artigo 18. Obxecto e clasificación.

1. Os honores e distincións que o Concello da Cañiza poderá conferir para recoñecer e premiar especiais merecementos ou servizos extraordinarios, serán os seguintes:

- a) Medalla da Vila da Cañiza, nas súas categorías de Ouro, Prata e Bronce.*
- b) Título de Fillo Predilecto da Cañiza.*
- c) Título de Fillo Adoptivo da Cañiza.*
- d) Chave de Ouro da Vila.*
- e) Título de Visitante Ilustre da Cañiza.*
- f) Título de Cañicense Exemplar.*
- g) Landra de Ouro da Vila da Cañiza.*

2. Tamén se poderá distinguir de forma honorífica a persoas e institucións dando o seu nome a rúas, prazas, avenidas, paseos e establecementos, centros ou instalacións do Concello da Cañiza, procurando que os mesmos estén relacionados coa actividade desenvolvida polas persoas ou institucións obxecto de distinción.

Concello de A Cañiza

Artigo 19. Carácter dos honores e distincións.

1. Os honores e as distincións reguladas no presente Regulamento teñen carácter exclusivamente honorífico, non derivándose da súa posesión dereito administrativo ou económico algún.

2. Os seus titulares disporán dun lugar reservado nos actos oficiais organizados polo Concello da Cañiza aos que sexan convocados.

Artigo 20. Concesión a título póstumo.

A Medalla da Vila e os Títulos de Fillo Predilecto, Fillo Adoptivo e Cañicense Exemplar poderán ser concedidos a Título póstumo.

Artigo 21. Prohibición de concesión.

Non poderán concederse os honores e as distincións reguladas no presente Regulamento aos Concelleiros do Concello da Cañiza, en tanto se atopen no exercicio dos seus cargos.

Artigo 22. Revocación.

1. Os honores e distincións poderán ser revocados se os titulares realizan actos ou manifestacións contrarias aos motivos que xustificaron a súa concesión ou que de ter existido ao tempo do outorgamento non o houbesen permitido.

2. A revocación será acordada polo mesmo órgano que a outorgou, previa tramitación do correspondente expediente e audiencia do interesado.

CAPÍTULO II

Medalla da Vila da Cañiza

Artigo 23. Obxecto.

A "Medalla da Vila da Cañiza" ten por obxecto distinguir a aquelas persoas físicas ou xurídicas, nacionais ou extranxeiras, que destaquen polos seus extraordinarios méritos personais ou por haber prestado servizos relevantes á Vila.

Concello de A Cañiza

Artigo 24. Categorías.

1. A Medalla da Vila da Cañiza poderá ser outorgada nas categorías de Ouro, Prata e Bronce.

2. A Medalla da Vila da Cañiza na súa categoría de Ouro constituíe a máxima distinción que pode outorgar o Concello da Cañiza.

Artigo 25. Descrición.

1. A Medalla da Vila da Cañiza está conformada por un disco metálico de 3 cm de diámetro, con anilla pendente dunha cinta verde e branca. No anverso da mesma figura grabado o escudo da vila. No reverso figura a inscrición "Premio ao Mérito", unha cuartela destinada a grabar a data do acordo de concesión, por cuio costado xurde, en dibuxo simbólico, unhas ramas de follas de carballo.

2. Todas as medallas, en calquera das súas categorías, teñen o mesmo formato, diferenciándose únicamente no metal da súa confección.

3. As que se concedan a Corporacións ou Entidades para uso nas súas bandeiras ou estandartes, se outorgarán en forma de corbata, en cinta ancha roja, de un de cuos dobles penderá a Medalla, calquera que sexa a súa clase, no seu tamaño reglamentario e nos remates da cinta, bordado, o escudo da Vila.

4. A efectos de facilitar o seu uso en actos oficiais ou con diversa indumentaria, as medallas de ouro, prata ou bronce concedidas a particulares poderán exhibirse en miniatura.

Artigo 26. Concesión e Entrega.

1. A Medalla da Vila da Cañiza concederáse por acordo do Pleno do Concello, a proposta do Alcalde e previa instrucción do expediente no que se xustifique o outorgamento.

2. Acordada a concesión da Medalla, sinalárase a data en que a Corporación se reunirá para a entrega da distinción ao agraciado nun acto solemne así como do diploma que acredite a distinción, o cal deberá extenderse nun pergamino artístico e conterá de xeito sucinto os merecementos que xustifican o outorgamento.



Concello de A Cañiza

CAPÍTULO III

Fillos Predilectos e Adoptivos

Artigo 27. Obxecto

1. O Título de Fillo Predilecto da Cañiza ten por obxecto distinguir ás persoas que, habendo nacido na Vila da Cañiza, destacaran polos seus méritos ou cualidades persoais, especialmente nos ámbitos cultural, científico, social, artístico, político ou económico, ou por servizos prestados en beneficio da Vila.

2. O Título de Fillo Adoptivo da Cañiza poderá outorgarse ás persoas que, sin haber nacido na Vila da Cañiza, reúnan os méritos ou circunstancias establecidos no párrafo anterior.

3. Ambos títulos serán considerados de igual xerarquía e do mesmo honor e distinción.

Artigo 28. Concesión e entrega.

1. Os Títulos de Fillo Predilecto e Fillo Adoptivo da Cañiza se concederán por acordo adoptado polo Pleno do Concello, a proposta dos Portavoces dos Grupos Municipais e previa instrucción do expediente no que se xustifique o outorgamento.

2. Acordada a concesión dos Títulos, sinalarase a data na que a Corporación se reunirá para a entrega da distinción ao agraciado nun acto solemne. A distinción deberá extenderse nun pergamino artístico e conterá de xeito sucinto os merecementos que xustifican o outorgamento.

CAPÍTULO IV

Chave de Ouro da Vila

Artigo 29. Obxecto.

A Chave de Ouro da Vila da Cañiza entregarase polo Alcalde a Xefes de Estado estranxeiros e personalidades que visiten oficialmente o Concello da Cañiza.

CAPÍTULO V

Título de Visitante Ilustre da Cañiza

Artigo 30. Obxecto.



Concello de A Cañiza

O Título de Visitante Ilustre da Cañiza poderá ser concedido polo Alcalde a aquelas personalidades de especial relevancia, nacionais ou estranxeiras, que visiten a Vila da Cañiza e sexan recibidas oficialmente no Concello.

CAPÍTULO VI

Título de Cañicense Exemplar

Artigo 31. Obxecto.

O Título de Cañicense Exemplar ten por obxecto distinguir a aqueles veciños da Cañiza que se distinguiran de forma extraordinaria e relevante polo seu exemplar comportamento cidadá, en calquera dos ámbitos da actividade municipal.

Artigo 32. Concesión.

O Título de Cañicense Exemplar será concedido polo Alcalde, a proposta da Comisión Plenaria competente en materia de Participación Ciudadá si a houbese ou da Concellería correspondente previa instrucción do expediente no que se xustifique o outorgamento.

CAPÍTULO VII

LANDRA de Ouro da Vila da Cañiza

Artigo 33. Introducción.

O Título I, Artigo 2 deste Regulamento recolle os símbolos do noso Concello: Escudo e Bandeira. Na súa descrición heráldica “de prata, un carballo terrasado de sinople e frutado de nove landras de gules; bordura jaquelada de gules e prata”, os símbolos recollen a presenza do Carballo e do seu froito: a landra.

Na simboloxía da Cañiza o carballo interprétase como a árbore máis rica desde a creación pola dureza da súa madeira. Simboliza superioridade, forza moral, espiritual e física ante a adversidade. O seu tronco enraizado representa a profunda solidez da formación humanística que inspira o estudo e o seu froito as landras o alimento que no principio dos tempos sustentaba aos homes.

“A Landra” no Escudo do Concello representa tamén ás nove parroquias que integran A Cañiza.

Considerando o seu valor simbólico para o Municipio da Cañiza, introdúcese no



Concello de A Cañiza

presente Regulamento como un honor e distinción que poderá concederse polo Alcalde.

Artigo 34. Obxecto.

A Landra de Ouro da Vila xurde coa intención de ponderar e recoñecer a labor profesional ou traxectoria vital de todas aquelas persoas, veciños ou visitantes, que en calquera dos ámbitos da actividade pública ou privada destacaran de forma relevante.

Artigo 35. Concesión.

A Landra de Ouro da Vila da Cañiza será outorgada polo Alcalde, previa Memoria da Alcaldía na que se xustifique a súa concesión e poderá ter o seu propio regulamento.

CAPÍTULO VIII

Libro de Ouro e firmas e Libro de Distincións

Artigo 36. Libros.

1. O Concello da Cañiza disporá dun Libro de Ouro no que asinarán todas as personalidades que visiten oficialmente o Concello.

2. O Concello da Cañiza disporá, igualmente, dun Libro de Distincións Municipais no que se rexistrarán todas as **DISTINCIÓNS** que se concedan.

CAPÍTULO IX

Regalos institucionais

Artigo 37. Obxecto.

Concello de A Cañiza

O Concello poderá conceder determinados regalos e obsequios para atender os seus compromisos institucionais en casos de reciprocidade, cando a ocasión así o demande, e serán definidos atendendo ás circunstancias de cada momento.

Disposicións Adicionais.

Primeira.- A regulación referente ao escudo e a bandeira da Cañiza quedará aprobada definitivamente cando así o determinen os órganos competentes de conformidade co establecido na lexislación vixente.

Segunda.- Os ex-Alcaldes da Vila da Cañiza serán convocados e poderán asistir ás reunións do Consello da Vila se as houbese ou outras de extraordinaria importancia institucional e protocolaria.

Terceira.- A regulación concerniente á celebración de matrimonios civís determinarase polo establecido nos Decretos que se dicten polo Alcalde.

Cuarta.- A Xefatura de Protocolo da Corporación encargarse de tutelar a correcta aplicación das normas fixadas no presente Regulamento, debendo confeccionar e remitir a todos os membros da Corporación Municipal, co máximo de anticipación posible e para a súa información, as normas específicas de protocolo que rexirán en cada acto concreto cando a súa importancia así o requira.

Quinta.- O Alcalde poderá dictar as instrucións que resulten precisas en materia de protocolo e desenvolvemento deste Regulamento, así como establecer excepcións na súa aplicación cando concurran determinadas circunstancias singulares.

Disposición derradeira.-

O presente Regulamento entrará en vigor ao día seguinte ao da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra.»

SEGUNDO.- Despois de 8 anos de funcionamento e á luz da experiencia, faise necesaria a actualización e modificación do texto do Regulamento ata agora vixente.

O novo redactado que se propón ten como obxectivo reforzar o carácter institucional dos recoñecementos, preservar o prestixio das distincións, modificar e actualizar e crear unha nova distinción que xurde coa intención de ponderar e recoñecer a labor profesional ou traxectoria vital de todas aquelas persoas, veciños ou visitantes, que en calquera dos ámbitos da actividade pública ou privada destacaran de forma relevante.

TERCEIRO.-

O presente regulamento estrutúrase en catro Títulos. O Primeiro sobre a Vila da Cañiza: símbolos (escudo e bandeira). O Segundo sobre a Corporación Municipal, os seus tratamentos, orde de precedencia interna e distintivos. O Terceiro sobre os Actos Oficiais do Municipio, a súa clasificación e presidencia e o Cuarto Título sobre os Honores e Distincións que pode outorgar o Concello da Cañiza.

Consta en total de 37 artigos, cinco disposicións adicionais e unha disposición derradeira.

Concello de A Cañiza

CUARTO.- DAS MODIFICACIÓNS INTRODUCIDAS.

4.1.- Modificación do artigo 6 apartado 1º: Orde de precedencias da Corporación Municipal. Se reformula a orde de precedencia interna da Corporación Municipal, introducíndose no apartado 3º o lugar de «concelleiros que ostenten algunha Delegación da Alcaldía», quedando a orde de precedencias como segue:

- 1º) O Alcalde.
- 2º) Os Tenientes de Alcalde, polo seu orde correspondente.
- 3º) Os Concelleiros que ostenten Delegación da Alcaldía.
- 4º) Os Portavoces dos grupos políticos ordeados de maior a menor representación municipal.
- 5º) Os demais Concelleiros, polo seu orde electoral e ordenados de maior a menor representación municipal.
- 6º) Os cargos directivos do Concello, polo seu orde de nomeamento.

4.2.- Modificación do artigo 7: Asistencia da Corporación Municipal. Se propón designar a asistencia dos concelleiros da Corporación Municipal a Actos Solemnes que por tradición se celebren con motivo de festividades singulares.

Se propón eliminar a asistencia aos actos do «Petelo de Ouro» e «Corpus Cristi» e manter os actos solemnes derivados da festividade na honra do Santísimo Cristo da Agonía da Cañiza que se celebra o segundo domingo do mes de xullo e da festividade na honra da patroa da Cañiza, Santa Teresa de Jesús que se celebra o 15 de outubro.

Proponse a modificación deste artigo coa seguinte redacción:

Artigo 7. Asistencia da Corporación Municipal.

A Corporación Municipal asistirá aos seguintes actos:

Actos solemnes que por Tradición se celebren con motivo das festividades seguintes:

- *Actos solemnes da Festividade na Honra do Santísimo Cristo da Agonía da Cañiza que se celebran desde tempos inmemoriais o 2º domingo do mes de xullo.*
- *Actos solemnes da Festividade na Honra da Patroa da Cañiza, Santa Teresa de Xesús, que se celebra o 15 de outubro.*

4.3.- Modificación do artigo 18. Incorpórase unha nova distinción ás 6 xa existentes: «Landra de Ouro da Vila da Cañiza».

Proponse a modificación deste artigo coa seguinte redacción:

TÍTULO IV

HONORES E DISTINCIÓNS

CAPÍTULO I

Disposicións Xerais

Artigo 18. Obxecto e clasificación.

3. *Os honores e distincións que o Concello da Cañiza poderá conferir para recoñecer e premiar especiais merecementos ou servizos extraordinarios, serán os*



Concello de A Cañiza

seguintes:

- *Medalla da Vila da Cañiza, nas súas categorías de Ouro, Prata e Bronce.*
- *Título de Fillo Predilecto da Cañiza.*
- *Título de Fillo Adoptivo da Cañiza.*
- *Chave de Ouro da Vila.*
- *Título de Visitante Ilustre da Cañiza.*
- *Título de Cañicense Exemplar.*
- *Landra de Ouro da Vila da Cañiza.*

4.4.- Modificación do artigo 33, 34 e 35. Incorpórase neste artigo a nova distinción «Landra de Ouro da Vila da Cañiza», desarrollándose no artigo 33 a introducción desta nova distinción, no artigo 34 o obxecto do mesmo e no artigo 35 a súa concesión.

Propónse a incorporación desta nova distinción coa seguinte redacción:

CAPÍTULO VII

LANDRA de Ouro da Vila da Cañiza

Artigo 33. Introducción.

O Título I, Artigo 2 deste Regulamento recolle os símbolos do noso Concello: Escudo e Bandeira. Na súa descrición heráldica “de prata, un carballo terrasado de sinople e frutado de nove landras de gules; bordura jaquelada de gules e prata”, os símbolos recollen a presenza do Carballo e do seu froito: a landra.

Na simboloxía da Cañiza o carballo interprétase como a árbore máis rica desde a creación pola dureza da súa madeira. Simboliza superioridade, forza moral, espiritual e física ante a adversidade. O seu tronco enraizado representa a profunda solidez da formación humanística que inspira o estudo e o seu froito as landras o alimento que no principio dos tempos sustentaba aos homes.

“A Landra” no Escudo do Concello representa tamén ás nove parroquias que integran A Cañiza.

Considerando o seu valor simbólico para o Municipio da Cañiza, introdúcese no presente Regulamento como un honor e distinción que poderá concederse polo Alcalde.

Artigo 34. Obxecto.

A Landra de Ouro da Vila xurde coa intención de ponderar e recoñecer a labor profesional ou traxectoria vital de todas aquelas persoas, veciños ou visitantes, que en calquera dos ámbitos da actividade pública ou privada destacaran de forma relevante.



Concello de A Cañiza

Artigo 35. Concesión.

A Landra de Ouro da Vila da Cañiza será outorgada polo Alcalde, previa Memoria da Alcaldía na que se xustifique a súa concesión e poderá ter o seu propio regulamento."

Documento asinado por INÉS MONTERO ARES, Secretaria Xeral do Concello de A Cañiza, co visto e praxe de LUIS ANTONIO GÓMEZ PIÑA, Alcalde do Concello.

